ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU09021

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre políticas públicas en tempos de crise: austeridade, eficacia e fomento da economía de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	11
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2009
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 20/07/2009 - 08:00h ao 24/07/2009 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A situación actual de crise económica mundial xerou un profundo debate acerca da forma e os medios para superala. Neste sentido as políticas públicas, a xestión do sector público, así como o apoio ao sector privado esixen unha profunda reformulación que proporcione respostas que nos permitan superar esta situación. A Escola Galega de Administración Pública pretende neste ámbito realizar a súa achega a este debate dende a perspectiva da xestión pública, e sobre a base da súa necesaria modernización e adaptación ao ámbito actual. Xestión que haberá de executarse, sobre todo polas Comunidades Autónomas, nun ámbito de austeridade, e sobre a base de criterios de eficiencia e economicidad.

Imponse polo tanto, sobre estas bases, a necesaria colaboración e interacción entre o sector público e o privado, partindo sempre da primacía do interese xeral, representado pola acción pública.

Neste contesto organizáronse pola EGAP, no ámbito das súas competencias, as presentes Xornadas, nas que se pretende solicitar opinións e reflexións de destacados representantes da Administración Pública, da empresa, da Universidad, en sectores estratéxicos para Galicia (automoción, forestal, construción), e analizando as cuestións que poidan ser de máis interese para o xestor público, como son as políticas financeiras, tributarias, e do mercado laboral.

Cremos que é importante analizar a situación actual, ofrecer un diagnóstico desta, e establecer eventuais canles de actuación da Administración Pública, tendo en conta os fins que aquela debe conseguir, e os medios necesarios para logralos, sendo neste punto fundamental, a achega de ideas e modos de actuación do sector privado, que haberán de modularse, no ámbito da xestión pública.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración pública galega, especialmente aqueles vinculados ámbitos de responsabilidade, empresarios, e interesados en xeral.

PROGRAMA

- Políticas públicas e desenvolvemento industrial en Galicia
- A acción do goberno en tempos de crise: liñas de actuación
- Políticas fiscais e tributarias como instrumentos de superación da crise
- A construción como motor de desenvolvemento da economía galega: reformas necesarias
- Os directivos públicos en tempos de crise; o futuro do management público
- Mercados emerxentes para a Comunidade Autónoma de Galicia
- As condicións do mercado laboral: perspectivas de futuro
- O sector forestal; problemática e alternativas de futuro
- As novas tecnoloxías e o seu papel no desenvolvemento de Galicia
- O proceso de Bolonia

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Ningún

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA		**INICIO / FIN:** 28/07/2009 a 29/07/2009
NUM. PRAZAS: 298	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
JOSÉ LUIS SALIDO BANÚS		
José Antonio Redondo López		
LUIS LARA RUBIDO		
OLIVER WYMAN DELTA, S.L.		